

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 16 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 28 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura do prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 5 de xuño de 2009).

Rematado o prazo para presentar a solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es/profesorado/interinos-substitutos>) as puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de teoría teatral, dramaturxia, teoría e historia da arte, espazo escénico, literatura dramática e caracterización e indumentaria na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisionais poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Apelidos e nome	DNI	Causa
Andújar Santos, Gemma	24370146-J	4
Aragón González, M ^a Irene	50731242-G	1
Calaza Martínez, Lorena	32702983-L	1
Fariña Andrade, Silvia M ^a	32835080-G	1
Matalobos Díaz, Olga	33339282-T	5
Ortiz Villegas, M ^a José	78034868-P	1
Peón Torres, Fátima (dramaturxia, teoría teatral e lit. dramática)	35323787-L	1

Apelidos e nome	DNI	Causa
Pérez Romero, Alfredo	35559459-X	1
Quintas Diéguez, Julia	76620934-E	1
Ramos Mouzo, Adriana	46900432-M	2
Sobrino Freire, Iria	32840104-Z	1
Valenzuela Bandín, Nerea	44809102-L	1
Villasenén Iglesias, Orlando	78791756-N	3

Causas exclusión:

1. Solicitude presentada fóra de prazo.
2. Documentación sen cotexar.
3. Disciplina non convocada.
4. Non presentou a titulación.
5. Titulación inadecuada.

Anuncio do 17 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, na especialidade de xaponés.

Primeiro.-Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para o corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e para a seguinte especialidade:

Especialidade	Titulacións por orde preferente	Formación complementaria
	Os titulados do punto 1 terán preferencia sobre os titulados dos puntos 2 e 3 e os titulados do punto 2 terán preferencia sobre os titulados do punto 3 ^a aínda que o baremo sexa inferior	
Xaponés	<ol style="list-style-type: none"> 1. Licenciado en filoxía da lingua estranxeira obxecto da convocatoria. 2. Licenciado en tradución ou interpretación lingüística da lingua estranxeira obxecto da convocatoria. 3. Calquera titulación universitaria superior da área de humanidades. 4. Calquera titulación universitaria superior. 	<p>Certificado de aptitude e/ou nivel avanzado das ensinanzas de idiomas de réxime especial no idioma obxecto da convocatoria.</p> <p>Ter cursado un ciclo dos estudos conducentes á obtención da licenciatura de filoxía ou en tradución e interpretación do idioma correspondente, xunto co certificado de aptitude e/ou o nivel avanzado das ensinanzas de idiomas de réxime especial no idioma obxecto da convocatoria.</p>
	5. As titulacións homólogas ás mencionadas, segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 novembro).	

Segundo.-*Prazo de solicitude.*

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nos seus departamentos territoriais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-*Modelo de solicitude.*

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais, e está á disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo <http://www.edu.xunta.es/profesorado/inte>

ritos-substitutos/convocatorias apertura de listaxes de substitutos, servizo de secundaria (documentos relacionados).

Cuarto.-Comisión baremadora.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes levará a cabo unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Poderán asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

Quinto.-Requisitos dos candidatos e candidatas.

a) Estar en posesión da titulación que, para cada especialidade, se sinala no punto primeiro deste anuncio, pola orde en que aparecen neste punto.

b) Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou validación equivalente.

c) Non obstante o anterior, poderán presentar solicitudes aquelas persoas que, posuíndo as titulacións sinaladas no punto primeiro, non posúan o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente. Estes candidatos poderán ser seleccionados, en defecto de candidatos que si o acrediten. Neste caso, de seren seleccionados os candidatos deberán superar, no prazo máximo de dous anos desde que sexan nomeados, o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente. A superación deste curso deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.-O baremo de acordo coa addenda asinada cos sindicatos da mesa sectorial docente o 11 de xullo de 2006 será o publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado no DOG.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 11 de setembro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal directivo no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG número 145,

do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas dos postos ofertados serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se dictan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables, serán establecidas con base no cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que nel aleguen.

Cuarto.-Cumpridos os trámites previstos no dito decreto, a resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, e poderase declarar deserto o cargo directivo ofertado.

Quinto.-Consonte cos artigos 59 e 60 do citado Decreto 206/2005, a forma de provisión da praza ofertada será o nomeamento de carácter administrativo para o persoal estatutario ou funcionario con vínculo de fixeza ao servizo de calquera Administración pública, pertencente ao grupo de clasificación que se corresponda co nivel académico que se require para cada posto directivo e que se especifica para cada un dos postos relacionados no anexo I. No resto de supostos a vinculación formalizarase mediante contrato laboral de alta dirección.

Sexto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2009.

Mª Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade